

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2023/17	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria-Urxente
Data	27 de abril de 2023
Duración	Dende as 13:15 ata as 13:20 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuiña Fernández
Secretaria	Déborah García Suárez

ASISTENCIA A SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Angela Troitiño Gil	SÍ
Antonio Ferro Losada	NON
Jesús Taboada Lázara	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Ratificación da urxencia da convocatoria	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o carácter urxente da convocatoria da sesión, segundo o artigo 79 do RD 2568/1986 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais.	



Expediente 661/2023. Subvencións Solicitadas a Outra Administración

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vistas as Bases reguladoras e convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva, para o proxecto “primeira experiencia profesional” nos concellos da provincia de pontevedra 2023/2024 no marco do programa plan de fomento da empregabilidade publicadas no BOP de Pontevedra, en data 10 de abril de 2023.

Vista que a orixinal memoria elaborada polo técnico municipal, relativa á contratación de determinadas persoas contén un erro nunha das titulacións.

Visto que, derivado da memoria referida, en xunta de goberno local de data 13 de abril de 2023 adoptouse o acordo de solicitude de subvención e outros extremos, mantendo o erro contido na memoria

Vista a memoria corrixida, relativa á contratación das seguintes persoas coas titulacións que se indican:

ARQUITECTO/A TÉCNICO/A, a seguinte titulación.
- GRAO EN ARQUITECTURA TÉCNICA

TÉCNICO/A MEDIO AMBIENTE, alomenos, unha das seguintes titulacións.
- CICLO FORMATIVO GRADO SUPERIOR Salud Ambiental
- CICLO FORMATIVO GRADO SUPERIOR Química Ambiental

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, **ACORDA:**

- Aprobar a memoria corrixida.
- Deixar sen efecto o acordo de XGL de data 13 de abril de 2023 no atinente á subvención que se pretende solicitar ao abeiro das Bases reguladoras e convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva, para o proxecto “primeira experiencia profesional” nos concellos da provincia de pontevedra 2023/2024 no marco do programa plan de fomento da empregabilidade publicadas no BOP de Pontevedra, en data 10 de abril de 2023.
- Solicitar, polo importe máximo subvencionable , a subvención ao abeiro das bases referidas, aprobar a contratación por un ano, mediante contrato de formación , para o que se solicita a subvención, así como aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.
- Designar, en principio e provisioalmente, para as funcións de titoría aos seguintes técnicos: Don Lino Doporto Framil no relativo ao titulado arquitecto/a técnico/a e Dona Soledad Rey Asorey, no relativo ao titulado en medio ambiente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Concello de Silleda

Rúa do Trasdeza, 55, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021

